



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

ACTA Nº 5/2024

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 7 DE XUÑO DE 2024 -

No día de hoxe, ás 21:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: ALFREDO DOVALE PEDREIRA

ASISTEN:

ALBA	MARÍA	MARTÍNEZ	PP
JOSÉ	MANUEL	SANTEIRO	LÓPEZ
AZUCENA		CAO	FERNÁNDEZ
ENRIQUE		OTERO	SIERRA
FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA			REY

PSOE			
ALFREDO	GONZÁLEZ		TRASANCOS
MARTÍN	REGO		BAAMONDE

AUSENCIAS:

MIGUEL	FREIRE	PP
		GÓMEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA: MARÍA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Sometidas a votación a aprobación das actas das sesións anteriores, o Sr. Rego Baamonde manifesta "Votamos en contra ata que non se graven os Plenos".

O Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular asistentes á sesión e o voto en contra dos Concelleiros do PS de G-PSOE, acorda aprobar as actas das sesións celebradas os días 4 de abril e 13 de maio de 2024.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

O portavoz do P.S. de G-PSOE manifesta que non se recibiu copia das resolucións e acórdase, por unanimidade, dar conta no próximo Pleno ordinario ademais das que se aproben con posterioridade, das correspondentes a este Pleno que se inclúen dende o nº

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

73 ó n.º 142 de 2024.

3.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS DO CONCELLO DE MAÑÓN.

Polo Sr. Alcalde maniféstase que *“na actualidade o Imposto é dun 2,4% do importe da obra e propoño que se establezan un 2,5% para as obras ata 150.000€, o 3% para as obras de 150.000 a 500.000€ e do 4% para as superiores a 500.000€, entendo que é mellor diferenciar según o importe da obra”*

Sr. Rego Baamonde: *“A porcentaxe que está debería ser suficiente”*

Sr. Alcalde: *“É mellor diferenciar según o importe das obras, que sexa proporcional”*

Sr. Rego Baamonde: *“Sempre que se fagan inversións se debería ter un beneficio empresarial”*

Sr. Alcalde: *“O que fai un edificio e ten máis beneficio, debería ter que pagar máis”*

Sr. Rego Baamonde: *“Todos os que fan negocios queren algo a cambio; non estamos dacordo, era suficiente como estaba”*

Sometido o asunto a votación, o Pleno co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular asistentes á sesión e o voto en contra dos Concelleiros do PS de G-PSOE adopta o seguinte acordo.

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcción, Instalación e Obras.

O texto da Ordenanza modificada acompáñase como anexo ó presente acordo.

SEGUNDO.- Expoñer ó público o acordo mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e nos taboleiros de anuncios do Concello durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o mencionado prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Igualmente, están a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións no prazo anteriormente indicado o acordo considerarase definitivo, en base o artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO.- Facultar ó Sr. Alcalde, Alfredo Dovale Pedreira, para a realización dos actos e a sinatura dos documentos que sexan necesarios para execución do presente acordo

ANEXO

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS NO CONCELLO DE MAÑÓN.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Artigo primeiro

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto no que o feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ó Concello.

Artigo segundo

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan donos da construción, instalación e obra sexan ou non donos do inmovible sobre o que se realiza aquela. Ós efectos previstos no parágrafo anterior terán a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos e custo que comporte a súa realización.
2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do mesmo aqueles que soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras. O substituto poderá esixir do contribuínte a cota tributaria satisfeita.
3. Nas solicitudes da licenza deberá constar especificamente o nome e apelidos, denominación ou razón social, NIF/CIF, e domicilio fiscal do dono do terreo, do dono da obra e a empresa construtora.

Artigo terceiro

1. Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, a Comunidade Autónoma ou Entidades Locais, que estando suxeitas ó mesmo vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación.
2. Non poderán alegarse respecto desde imposto os beneficios fiscais que estiveran regulamentados en disposicións distintas da normativa vixente de Réxime Local.

Artigo cuarto

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal a estes efectos o custo de execución material daquela. Non formarán parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) e demais impostos análogos propios de réximes especiais nin tampouco as taxas prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas con ditas construcións, instalacións ou obras nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.
2. A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
3. O tipo de gravame será progresivo segundo a base imponible indicada na seguinte táboa:
 - Para construcións, instalacións e obras cun orzamento de execución material inferior a 150.000: 2,5%



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

- Para construcións, instalacións e obras cun orzamento de execución material igual ou superior a 150.000 e inferior a 500.000: 3%
 - Para construcións, instalacións e obras cun orzamento de execución material igual ou superior a 500.000: 4%
4. O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licenza ou non se houberse presentado por parte do interesado a correspondente declaración responsable ou comunicación previa.

Artigo quinto

1. Cando se conceda a licenza preceptiva, se tome razón da declaración responsable ou da comunicación previa, ou cando, non habéndose solicitado, concedido ou denegado aínda dita licenza preceptiva ou presentada a declaración responsable ou comunicación previa, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base impositiva en función do proxecto presentado polo interesado, sempre que estivera visado polo Colexio Oficial correspondente no suposto en que sexa un requirimento preceptivo.
2. Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva a que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a contía que corresponda.

Disposición derogatoria

A presente ordenanza derroga a aprobada polo Pleno da corporación na sesión celebrada o día 3 de novembro de 1989 e entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

4.- APROBACIÓN PROVISIONAL DAS MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL.

Polo Sr. Alcalde propónse modificar o artigo 5 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal relativo á cota tributaria.

Sometido o asunto a votación, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular asistentes á sesión e a abstención dos Concelleiros do PS de G-PSOE, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 5 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal.

O texto da modificación acompáñase como anexo ó presente acordo.

SEGUNDO.- Expoñer ó público o acordo mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e nos taboleiros de anuncios do Concello durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o mencionado prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Igualmente, están a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións no prazo anteriormente indicado o acordo considerarase definitivo, en base o artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO.- Facultar ó Sr. Alcalde, Alfredo Dovale Pedreira, para a realización dos actos e a sinatura dos documentos que sexan necesarios para execución do presente acordo

ANEXO

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL NO CONCELLO DE MAÑÓN

Artigo 5.- Cota tributaria

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, expresada no apartado seguinte:

5.1 - Abonados:

5.1.1 - Abono individual xeral 15 entradas 25 euros

5.1.2 - Abono individual para 15 entradas, menores de 18 anos e maiores de 65 anos 20 euros

5.2 - Non abonados:

5.2.1 - Entrada menores de 3 anos Gratuíta

5.2.2 - Entrada individual xeral 2 euros

5.2.3 - Entrada individual menores de 18 anos e maiores de 65 anos

1,50 euros

A entrada e o documento de abono que, en ningún caso, se poderán reintegrar, serán persoais e intransferibles e autorizan a entrada e o uso das instalacións durante a tempada no que se expiden.

Os menores de 12 anos deberán estar acompañados, en todo momento, por un adulto responsable.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, polo portavoz do PS de G-PSOE, Sr. Rego Baamonde procédese á lectura da seguinte moción:

“MOCIÓN DE URXENCIA

MARTIN REGO BAAMONDE con DNI: 76408769-D voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Mañón, de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:

Presentamos esta moción en base a facer caso omiso da nosa petición de gravar os plenos en Audio por parte do grupo de goberno do concello, sendo solicitado nas ultimas dúas lexislaturas do que vai de esta. Xa que o decreto do 24/2018 do 15 de febreiro da vicepresidencia da xunta obriga a que os os plenos estean colgados en soporte electrónico polo tanto esiximos que se cumpra lei.”

O Sr. Rego Baamonde xustifica que é urxente “porque levan máis de vinte anos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

solicitando a gravación, e que a resposta sempre é negativa e que é obrigatorio según o Decreto 24/2018, de 15 de febreiro

O Pleno procede ó debate do asunto.

Sr. Alcalde: *“Mentres non me obriguen non o vou a facer”*

Sr. Rego Baamonde: *“A lei obriga”*

Sr. Alcalde: *“Se os demais Concellos non gravan por algo será”*

Sr. González Trasancos: *“Para unhas cousas te fijas, e para outras non”*

Sometido o asunto a votación, o Pleno co voto a favor dos Concelleiros do PS de G-PSOE e o voto en contra dos Concelleiros do Partido Popular, acorda rexeitar a moción presentada polo PS de G-PSOE.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Iniciado a quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde concede a palabra e inicia as intervencións o Sr. González Trasancos que formula as seguintes:

- *“Situación do PAI”*

Sr. Alcalde: *“A persoa que está acaba o contrato o mes que ven, vaise a facer unha convocatoria, hai que facer unha ordenanza e sobre esa vai a funcionar o PAI”*

- Sr. González Trasancos: *“Fai casi un ano que o dicimos e os contenedores todavía están sen limpiar e está chegando o verán”*

Sr. Alcalde: *“Hai que traelos para a nave a limpar, algúns xa se trouxeron; hai que procurar non tirar a basura a granel”*

Sr. González Trasancos: *“Quizá habería que poñer un carteliño”*

- Sr. González Trasancos pregunta *“A mesa para o local, cómo está”*

Sr. Alcalde: *“Estamos mirando de comprala”*

- Sr. González Trasancos: *“Coa impresora hai que andar dun lado para outro con ela para ter cobertura”*

- Sr. González Trasancos pregunta *“Sinais de cans”*

Sr. Alcalde: *“Xa están compradas”*

- Sr. González Trasancos pregunta *“Os tableiros de anuncios”*

Sr. Alcalde: *“Está en veremos; onde queres colocalos”*

Sr. González Trasancos: *“Un abaixo, alí polo centro e outro arriba ó lado da marquesiña”*

- Sr. González pregunta *“A tinta da impresora correrá a cargo do Concello”*

Sr. Alcalde: *“Correrá”*

- Sr. González Trasancos pregunta *“Que pasa co tema do Fabriquín, as paredes calquera día van en baixo”*

Sr. Alcalde: *“O outro día estivo o Concelleiro e quedou de axilizalo, está posto para firmalo”*

- Sr. González Trasancos pregunta: *“Cando poñedes un bando, leédelo. O bando que anunciaba un posto de peón de este ano ponía que remataba o prazo no 2023”*



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Sr. Alcalde: "Era un error"

- Sr. González Trasancos pregunta "O cobro da auga cómo puido haber tantos erros"

Sr. Alcalde: "No tema da auga, houbo que cambiar o programa informático, houbo que cambiar moitos números de conta, pediuse ós bancos e negáronse, chamouse ós usuarios e aínda non se conseguiron todos, non é que non se mire a auga, estase cobrando o terceiro trimestre e durante oito meses non se pasou ningún recibo"

Sr. González Trasancos: "O que non se pode dicir cando se pregunta é teras unha fuga ou gastarías moita"

Sr. Alcalde: "Esas cousas hai que explicarllas ós veciños, houbo un caso de un error pero solo un. Se se cerra o depósito principal en Bares, a auga chega para dous días e medio; os veciños poden vir e pódese fraccionar o recibo"

Sr. González Trasancos: "Unha vez á semana sácolle foto o contador"

Sr. Alcalde: "Si ten que ir o fontaneiro para comprobar, tamén vai"

- Sr.. Gómez Trasancos pregunta: "Ponte Vella, qué"

Sr. Alcalde: "Fai falta unha subvención para arreglala porque hai moita obra"

A continuación o Sr. Rego Baamonde formula as seguintes:

- "Pregunteino nos últimos Plenos, polo tema da ordenación forestal, despois de dous anos ou tres debería saberse porque derroteros se podía facer"

Sr. Alcalde: "Esa é a seguinte cousa, vai a saír, non te preocupes porque ademais fai moita falta"

Sr. Rego Baamonde: "Si estivéramos tan extrañados de cómo está todo, debería facerse unha ordenanza"

Sr. Alcalde: "As Pontes e Viveiro teñen problemas para aplicala. Non é que non queira facelo"

- Sr. Rego Baamonde pregunta "Festexos do 2023, cómo costaron"

Sr. Alcalde: "Teño que traelo"

- Sr. Rego Baamonde pregunta: "Cantas horas se facían de asistencia no fogar, en cómo salía por hora"

Sr. Alcalde: "Teño que traelo"

Sr. Rego Baamonde: "De paso tamén a subvención que da a Xunta e a Deputación para asistencia no fogar"

- Sr. Rego Baamonde: "Sinais de intervención de vías non están postas"

Sr. Alcalde: "Van a poñerse"

- Sr. Rego Baamonde: "As sinais do Concello de indicación á ribeira do río, seguen estando mal como estaban"

- Sr. Rego Baamonde pregunta "Reses mostrencas"

Sr. Alcalde: "Segue habendo dúas máis unha cría"

Sr. Rego Baamonde: "En reses mostrencas tamén están os cabalos"

- Sr. Rego Baamonde: "Ven un tractor novo, veu o que xa se sabía que ía vir, os



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

requisitos técnicos eran solo para marca de motor; é a única marca que se podía adecuar”

Sr. Alcalde pregunta “É un bo tractor ou non”

- Sr. Rego Baamonde pregunta “O Convenio do tractor por canto tempo é, xa que o Convenio é gratuito gustaríame velo, parece-me que é pouco aproveitable o tractor”

Sr. Alcalde: “Hai unha persoa de baixa, a partir do luns vai a traballar no tractor. O novo tractor ten a máquina que tiña o Concello”

Sr. Rego Baamonde: “Vai sobrado o tractor por todas as esquinas”

Sr. Alcalde: “O tractor non o fan a carta”

Sr. Rego Baamonde: “Pois sí, fanse a carta”

- Sr. Rego Baamonde: “Quen fai a certificacións das obras”

Sr. Alcalde: “Estudio Técnico Galego”

Sr. Rego Baamonde: “Certificar a carretera que vai pola cuadrilla de arriba, excusaron de toparlle”

- Sr. Rego Baamonde: “A carretera que vai a Ponte do Porto, cómo está”

Sr. Alcalde: “Alí hai unha vaguada, quixen que se fixera unha escollera, dixeron que non era viable, non hai ode apoiar a escollera”

Sr. Rego Baamonde: “Hai un ano veu a Concelleira do Mar, qué logro se conseguiu con esos traballos”

Sr. Alcalde: “O outro día cando veu o novo Concelleiro as mariscadoras explicaron o problema”

Sr. Rego Baamonde pregunta “Cántas mariscadoras quedan”

Sr. Alcalde: “Quedan oito”

- Sr. Rego Baamonde: “Falastes co novo Concelleiro qué se podía facer no banco de coquina”

Sr. Alcalde: “Era para oxigenar a area, hai que preguntar as mariscadoras, polo menos retiraron os lodos”

- Sr. Rego Baamonde pregunta “Residencia da Terceira Idade”

Sr. Alcalde: “Estamos niso, aínda estivemos falando dela nestes días”

Sr. Rego Baamonde: “En principio ían ser mas de 40 prazas, despois reduiuse a trinta e pico. As monxas estaban dacordo en facer unha residencia alí, pasados os anos xa é necesria; daquela era barata facela e asistiana as monxas”

- Sr. Rego Baamonde, pregunta: “A base americana segue sendo un secreto de Estado”

Sr. Alcalde: “Non se pode falar da empresa, que non o queren dicir”

- Sr. Rego Baamonde pregunta “O coído, qué pasa”

Sr. Alcalde pregunta “Que queres, que asuma o Concello esta obra”

Sr. Rego Baamonde: “Tendes ahí unha joya pero estades olvidándovos dela”

- Sr. Rego Baamonde pregunta “No escolar houbo un incendio por un temporal”

Sr. Alcalde: “Falouse coa Consellería, ten adxudicada a obra; nosotros fixemos o noso traballo, o día seguinte os nenos puideron ir ó escolar”



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

- Sr. Rego Baamonde pregunta *“Pista de Casateite, dende o Carballo ata a casa de José María”*

Sr. Alcalde: *“Está metido no POS deste ano”*

- Sr. Rego Baamonde: *“Houbo un tema dunha contratación para o camiión, gardáronse todos os requisitos que estaban expostos e publicados. O contrato foi firmado o día 8. O contratado ten o CAP”*

Sr. Alcalde: *“Non é necesario para un camiión propiedade municipal e que non exceda de 50 Qm de radio; se estivera externalizado o servizo tería que telo”*

Sr. Rego Baamonde: *“É extraño que non se fixera proba de conducir”*

Sr. Alcalde: *“Tamén era para peón; si tes o carnet de conducir, saberá conducir”*

Sr. Rego Baamonde: *“Un dos operarios tiña 17 anos de experiencia, a 0,90 puntos os números non me cadran”*

Sr. Calvin Fondevila pregunta *“Houbo algunha reclamación, houbo un tribunal que valorou”*

Sr. Rego Baamonde: *“Se non tes o CAP paréceme que non debe conducir”*

- Sr. Rego Baamonde pregunta *“O tema do camiión da Deputación”*

Sr. Alcalde: *“Hai que volver a facer outro proxecto”*

Sr. Rego Baamonde: *“A Deputación está esperando a documentación e a factura”*

Ás 22:20 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Mañón, coa data da sinatura electrónica.

A secretaria, María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira